

AGORA MÁIS QUE NUNCA

A orixe do Día Internacional da Muller Traballadora, que agora se denomina Día Internacional das Mulleres- porque a maioría das mulleres, tamén as que se dedican exclusivamente ás tarefas domésticas non remunerada, somos traballadoras- remóntase á Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, en Copenhague en 1910 e a proposta da comunista alemá Clara Zetkin, para dedicar este día á loita polos dereitos das mulleres.

Este acordo foi aprobado por unanimidade por mais de 100 mulleres de 17 países, entre as que se atopaban as tres primeiras mulleres escollidas para o parlamento Finés. O 8 de marzo conmemorouse por primeira vez en 1911 en Alemania, Dinamarca e Suiza.

O 25 de marzo dese mesmo ano, 140 traballadoras, a maioría inmigrantes morreron ao incendio nunha fábrica en Nova York. Anteriormente, en 1908 e na mesma cidade, 146 mulleres que estaban pechadas dentro da fábrica Cotton en protesta polas condicións de traballo e os baixos salarios, morreran, tamén queimadas debido a unha bomba incendiaria.

O 8 de marzo de 1917 as mulleres rusas, en protesta polos dous millóns de mortos durante a 1ª. Guerra Mundial, fixeron unha folga na que reclamaban pan e paz. Despois da caída do Zar, o goberno provisional instaurou en Rusia o dereito a voto para as mulleres.

Estes datos e algunhas máis, a miúdo mestúranse e confunden, debido á carencia de investigación e interese por parte de quen tivo o poder de escribir a historia e obviar intencionadamente as loitas das mulleres para reivindicar a igualdade de dereitos, sobre todo polas condicións laborais, cousa que aínda hoxe, ao 2012 non se conseguiu pois, en xeral, as mulleres cobran un 22% menos que os homes nos mesmos postos de traballo. Pero xusto é dicir que nós, as mulleres, non fíamos delgado e cada 8 de marzo conmemoramos todas as loitas, todos os fitos conseguidos e clamamos por todo o que queda para reclamar e conseguir.

Agora máis que nunca, fai falta mirar ás nosas predecesoras, e loitar decididamente polas mulleres que, aínda hoxe, non poden votar, traballar, estudar, saír de casa soas ou ser atendidas nun centro sanitario e, tamén, porque todo o que elas e nós conseguimos durante todos os anos de loita, non nos sexa arrebatado, coa mesma brutalidade coa que se están atacando dereitos tanto básicos como a saúde, o ensino, a vivenda, o traballo ou os dereitos reprodutivos..

Recuperamos a introdución que escribiu Olimpe Gougues na súa declaración polos dereitos das mulleres:” Home , es capaz de ser xusto?, unha muller pregúntacho”.

Fai falta que sacudamos os nosos dirixentes como fixo Clara Campoamor na súa brillante intervención no parlamento da República, coa que conseguiu o dereito ao voto para as mulleres en 1931.

Agora máis que nunca hai que beber das fontes das nosas antecesoras, invocando a súa forza e tenacidade para loitar contra os estados que como o español, recorta en casas de acollida, subvencións e servizos ás mulleres e intenta disimular os feminicidios manipulando a linguaxe para facer desaparecer o concepto de violencia machista dentro

do de violencia doméstica ou familiar, un problema moi grave, sen dúbida, pero que non é o mesmo.

Este machismo nítrese da corrente neoliberal, que aboca traballadoras e traballadores á miseria e ao escravismo, que nos rodea de desinformación para facernos crer que somos culpables e polo tanto temos que pagar unha situación que foi creada de xeito único e exclusiva pola ferocidade dos mercados financeiros e a complicidade dos gobernantes.

Agora máis que nunca, temos que negarnos aos cantos de serea que nos din que isto pasará se nos esforzamos e poñemos vontade, mirando a tele mentres nos imos estreitando o cinto mansamente. Pois, o que en realidade está pasando, non é nada mais que a perda dos estados democráticos a mans da ditadura tecnocrática que arrasa Europa, como pasou en Grecia e en Italia, de momento .

Agora máis que nunca, hai que desenmascarar os verdadeiros culpables e o xogo sucio que se traen connosco e sobre todo coas mulleres, que traemos sempre a peor parte.

As mulleres neste 8 de marzo e tamén todo o resto de días do ano, temos o deber de loitar, como fixeron as mulleres que loitaron por nós, polas que virán despois e por todo o mundo que nos rodea e nos importa. Somos as gardiás dos camiños abertos polas nosas avoas e nais, para convertelos en avenidas polas que circularán amplamente as nosas fillas e os nosos fillos nunha sociedade xusta e igualitaria.